

Sinalar que quedan excluídos de participar no sorteo todos os **tickets de compras efectuadas** en establecementos incluídos no Sistema Nacional de Pago baixo calquera dos seguintes Códigos de Actividade Interbancaria: Alcampo (1387, 1524, 2387, 2524, 5335), Carrefour (1386, 1389, 1423, 1525, 2386, 2525) El Corte Inglés (5959), Hipercor (5338), Eroski (1388, 1415, 1416, 1417, 1446, 1529, 2388, 2529). Do mesmo xeito, excluíranse os tickets de compras realizadas en gasolineras: Alcampo Gasolineras, Consum Gasolineras, CEPSA, Agip, BP Oil, Retail Operating Company, Makro Gasolineras, Leclerc Gasolineras, Corp. Alim. Guissona Gasolineras, Bon Preu Gasolineras, Uvesco Gasolineras, Eroski Gasolineras, Repsol, Campsa, así como venda de combustible a domicilio.

4. **REALIZACIÓN DO SORTEO:**

O SORTEO terá lugar **ante notario** en data de **21 de xullo de 2022, ás 12.00 horas**, na sede da FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO. A realización do sorteo terá lugar de **xeito telemático mediante un código programado que eleixirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes**, ata rematar a totalidade de premios/tarxetas prepago dispoñibles para sortear en cada edición da campaña.

A **realización telemática do sorteo polo sistema referido non será aberta ao público**, sendo o resultado do mesmo comunicado aos agraciados polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

5. **OS PREMIOS A SORTEAR ANTE NOTARIO NESTA CAMPAÑA**

consistirán en TARXETAS PREPAGO de ABANCA, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e **que os consumidores que resulten agraciados deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente no comercio tradicional galego, quedando expresamente excluídos os códigos de actividade interbancaria recollidos no apartado 3 das bases, así como as gasolineras**. Deste xeito, cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no comercio retalista.



O NÚMERO TOTAL DE TARXETAS PREPAGO QUE SE SORTEARÁN NAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS E OS IMPORTES RESPECTIVOS DAS MESMAS, SERÁN OS SEGUINTE:

- *24 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 250 EUROS CADA UNHA DELAS (6 TARXETAS POR PROVINCIA).*
- *40 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 150 EUROS CADA UNHA DELAS (10 TARXETAS POR PROVINCIA).*

O IMPORTE TOTAL DAS TARXETAS PREPAGO A SORTEAR NAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS É DE 12.000 EUROS.

O prazo de caducidade da totalidade das tarxetas prepago será ata o 30 de xuño de 2023, engadido. Polo tanto, todas as tarxetas regalo poderán ser utilizadas única e exclusivamente no pequeno comercio, e soamente ata a data límite indicada previamente (30 de xuño de 2023).

Os premios enténdense como **cantidades brutas**, suxeitas ás **retencións** que establece a **lei vixente** no seu caso; polo tanto, dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.

O consumidor/cliente rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cunha destas tarxetas prepago xa non poderá optar a ningunha máis na mesma edición, **podendo obter polo tanto cada consumidor en cada edición unha única tarxeta prepago do importe que corresponda.**

Asímesmo, **en cada edición só poderá saír un premio por establecemento comercial participante.** Isto é, que no caso de que nunha edición nun mesmo establecemento comercial xa resultara premiado un dos seus clientes cun ticket de compra feita no mesmo, e de novo resultase agraciado nesa mesma edición un novo cliente do mesmo establecemento con outro ticket de compra realizada neste mesmo comercio; neste caso,

pasarase ao suplente correspondente, (e así sucesivamente) de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente e se dean máis oportunidades para que todos os clientes de todos os establecementos participantes podan ter a opción de obter un agasallo.

RESERVAS:

No mesmo acto de realización do sorteo telemático, ademáis dos elixidos como agraciados en primeiro lugar, e empregando o mesmo sistema, serán elixidos tamén aletatoriamente o seguinte número de **reservas**, para o caso de que algún dos premiados non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

- **12 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 250 EUROS.**
- **20 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 150 EUROS.**

A ENTREGA DAS TARXETAS PREPAGO AOS AGRACIADOS será realizada **na modalidade que acorde a organización unha vez realizado o sorteo, sendo todos os agraciados fehacientemente notificados a tal fin, mediante comunicación persoal.**

En calquera caso, en cada edición *comunicaráselles aos agraciados previamente e coa antelación suficiente no seu caso, os lugares, datas e horas de realización do acto de entrega dos premios; ou a modalidade alternativa que se decida, cumpríndose en todo momento no acto de entrega, con todas as normas sanitarias e de protección da saúde vixentes nese momento.*

No caso de que algún agraciado non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocado a tal efecto, entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos, salvo que o agraciado xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea á súa responsabilidade.



6. A entidade organizadora realizará tódolos trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose asimismo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica (12% do valor económico total do sorteado).

7. Estas bases serán depositadas ante NOTARIO, e asimismo, estarán a disposición de tódolos consumidores interesados en participar e que desexen consultalas, na páxina web www.diasazuis.com.
A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

8. **PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de abril do 2016**, así como na **Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e restante normativa estatal de aplicación no seu caso**, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, CIF G27170158, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es**. Este ficheiro estará depositado e almacenarse pola empresa: **CDMON, con domicilio en Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, C/ Girona 81-83, Local 6**, entidade que cumprirá asimismo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable.
Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con todas as garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, confirma que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais, etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es**, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercer.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

9. A Federación Galega de Comercio resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.